

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CARBALLIÑO E A ASOCIACIÓN CARBALLIÑO - CENTRO COMERCIAL ABERTO

O Carballiño, 25 de novembro de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte, **don Francisco José Fumega Piñeiro**, alcalde-presidente do Concello de Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación deste.

E doutra, **don Julián Garriga Crespo, con NIF 76712411M**, en representación da entidade Asociación Carballiño-Centro Comercial Aberto (CCA) con CIF: G32406746, que actúa en nome e representación desta.

MANIFESTAN

I. Que a asociación **CARBALLIÑO-CENTRO COMERCIAL ABERTO (CCA)** ten como principal obxectivo a difusión e promoción do comercio local, e por iso as actividades primordiais son: potenciar o funcionamento do tecido comercial e empresarial, xa que o comercio é a actividade que media entre os sectores de produción e o consumo, xerando o valor engadido da proximidade e, así mesmo, incentivando o emprego no sector.

II. Que o Concello de Carballiño considera que o labor que realiza a asociación constitúe unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, de promoción turística, cultural e de activación económica.

III. É de interese público e o concello cre que é oportuno levar a cabo unha campaña de promoción económica, incentivando desta maneira a reactivación do consumo nos comercios do municipio bonificando ao/á usuario/a final a través de tarxetas bancarias co obxecto de incentivar o consumo no pequeno e mediano comercio que foron e son os máis afectados pola crise provocada pola COVID-19.

IV. Que é vontade do goberno municipal apoiar e dinamizar o comercio de proximidade e que dotará os recursos necesarios conforme ás competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia nos seus artigos 25 e 80 respectivamente.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os



propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociado, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2020** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
241.00.479.00	Asociación Carballiño-Centro Comercial Aberto - CCA	60 000,00 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **forma directa** as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido deste.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do convenio é o establecemento dun marco de cooperación entre as partes intervinientes para a xestión dunha campaña de dinamización comercial denominada **“BONO - COMERCIO”**.

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención **ascende a SESENTA MIL EUROS (60 000 euros)**, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito do capítulo 4 “Transferencias correntes” do programa 241.00, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables a devandito crédito.

Dita contía total (100 %) da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2020.

3. PERÍODO SUBVENCIONABLE

O período comprendido entre entre o 1 de novembro de 2020 e o 31 de marzo de 2021



4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

As subvencions serán compatibles con outras subvencions, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracions ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencions ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencions, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACION BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

A. Asinar un convenio cunha entidade bancaria para a adquisición de 2000 tarxetas prepago, tipo VISA, que faciliten a aplicación da subvención recibida entre os comercios do Carballiño

B. Distribuír e activar as tarxetas cun TPV facilitado pola entidade bancaria a través da conta bancaria da asociación creada para o efecto.

C. Xestionar o proceso de adhesión dos establecementos comerciais á campaña, que se poderán consultar a través da WEB do proxecto

D. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencions.

E. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.

F. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

G. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencions, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

H. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.

O concello comprobará de oficio que a asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

I Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencions, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

L. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

M. Manter coordinación permanente coa Área de Comercio do Concello do Carballiño.

N. Se se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

O. Cando remate o prazo do uso das tarxetas, a asociación deberá devolver o importe sobranter



destas ao Concello do Carballiño mediante transferencia bancaria.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

a) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, sen dúbida, respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio.

Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, o importe do gasto subvencionable ascende a 60000 €. A subvención outorgada **elévase a, como máximo 60 000 euros** dos gastos. Se os gastos subvencionados xustificadas correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

b) O tipo de gasto subvencionable será o relacionado co obxecto detallado na cláusula 1º e máis concretamente:

- a bonificación do 50% do importe das tarxetas prepago
- custos relacionados coa elaboración, tramitación, distribución e publicidade da campaña

7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

a) instancia subscrita polo presidente da asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.

b) presentación da conta xustificativa, que comprenderá:

- memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo.
- de ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
- relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acreedor e do documento, concepto, importe e data de emisión.
- presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCS, cartas de pago, informe – certificación do banco sobre movementos das tarxetas,...).
- o pago a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.).

Excepcionalmente, en caso de que a entidade non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos antes da xustificación, e previa declaración responsable para tal efecto, non será preciso acreditar o pagamento na presentación da conta xustificativa, concedéndolle un prazo a partir da recepción dos fondos para acreditar o pago das facturas.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta



xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.

- declaración xurada da entidade beneficiaria que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda Estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O concello comprobará de oficio que a asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
- certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

c) Os gastos xustificadas teñen que ser iguais ou superiores ao importe do custo total do proxecto.

d) A subvención non finanza ningún tipo de gasto de investimento.

e) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o **día 31 de marzo de 2021**

8. FORMA DE PAGO.

A entidade beneficiaria poderá solicitar un anticipo do 100% do importe da subvención que será efectivo unha vez aprobado, asinado e publicado o convenio na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Na solicitude debe constar o número de conta onde se realizará o ingreso e acreditar que a asociación está ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.

9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

10. INFRACCIÓNS E SANCIONES

En materia de infraccións e sancions estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2020 e 2021.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

Documento asinado electronicamente

